

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Tendo en conta que esta Alcaldía, á vista da Resolución da Xunta de Galicia pola que se declarou a SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA e do Real Decreto estatal polo que se declarou o ESTADO DE ALARMA xa veu adoptando medidas excepcionais, habilitando un número de teléfono para situacións urxentes ou necesidades inaprazables.

Considerando que é necesario habilitar un número diferenciado para un colectivo específico que nesta situación de confinamento decretada polo estado de alarma pode verse especialmente afectado como é o caso da persoas maiores que non contan con apoio familiar ou social, e poidan atoparse en situación de vulnerabilidade ou desamparo, esta Alcaldía ven de habilitar un número diferenciado:

609845124

Este número habilitase para aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade ou desamparo e non conten con apoio familiar ou social.

Estas persoas será postas en contacto con servizos sociais, que valorarán cada situación de forma individual para adoptar as medidas que en cada caso corresponda. **Trátase de que estas persoas conten coa atención necesaria e se lles poida proporcionar, de ser preciso, segundo a correspondente valoración técnica, o servizo a domicilio de produtos de primeira necesidade: farmacéuticos e alimenticios.**

O protocolo establecido para xestionar este servizo comeza coa chamada do usuario ao teléfono establecido, no que un empregado municipal se encargaría de tomar nota da situación e dos datos facilitados. Posteriormente dende servizos sociais realizarase un estudo e valoración da situación para, de ser o caso, xestionar conxuntamente con Cáritas este servizo. Finalmente a entrega a domicilio realizarase coa colaboración da Policía Nacional, que ofreceu a súa dispoñibilidade a estes efectos, así como da Policía Local e Protección Civil.

Entendemos que con esta nova medida se atende ás necesidades que durante este período poida precisar este colectivo máis vulnerable

Recórdase que o número de teléfono habilitado para o resto de urxencias ou necesidades é o 982570909. Este número substitúe de xeito temporal, mentres dure a situación e estado de alarma, e para necesidades urxentes e inaprazables, aos números de teléfono habituais de oficinas.

Recórdase así mesmo aos veciños e veciñas de Viveiro, que se atopa suspendido o servizo de recollida de enseres realizados polas brigadas de obras e xardinería, así como o punto limpo municipal.

En Viveiro, A Alcaldesa. María Loureiro García